



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
Colexio de Educación Infantil e Primaria  
Celso Emilio Ferreiro

Rodís-A Silva, s/n  
15186 CERCEDA A CORUÑA  
☎ 981 692 464 📠 981 692 464  
✉ ceip.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcelsoemilioferreiro>



## **PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

## ÍNDICE

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
  - 1.1. Análise do contorno
  - 1.2. Análise do Centro Educativo
  - 1.3. Análise das prácticas lectoras do alumnado
  - 1.4. Descrición das accións que o centro levou a cabo no ámbito do desenvolvemento lector
2. CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR
  - 2.1. Espazo e mobiliario
  - 2.2. Fondo bibliográfico-documental
  - 2.3. Funcionamento
  - 2.4. Vinculación dos proxectos educativos do Centro coa biblioteca
3. FUNCIÓNS DO COORDINADOR E DO EQUIPO DE APOIO Á BIBLIOTECA
4. DESCRICIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN PROPOSTO
  - 4.1. Xustificación
  - 4.2. Obxectivos de mellora
  - 4.3. Proxecto lector do centro
    - 4.3.1. Procedementos e estratexias
    - 4.3.2. Adaptación da biblioteca ás necesidades da Comunidade Educativa
    - 4.3.3. Actividades de carácter xeral
    - 4.3.4. Estratexias e actividades de apoio ao currículo
    - 4.3.5. Estratexias e actividades de información e comunicación
    - 4.3.6. Estratexias e actividades de dinamización cultural
    - 4.3.7. Recursos
    - 4.3.8. Interrelación de niveis e áreas
    - 4.3.9. Atención á diversidade
  - 4.4. Plan de uso da biblioteca escolar
    - 4.4.1. Accións encamiñadas a garantir a dispoñibilidade dos documentos
    - 4.4.2. Accións encamiñadas a equilibrar o fondo
    - 4.4.3. Iniciativas para difundir os fondos
    - 4.4.4. Ampliar as posibilidades de emprego pedagóxico da biblioteca
  - 4.5. Plan de uso das bibliotecas de aula
  - 4.6. Metodoloxía
  - 4.7. Implicacións da Comunidade Educativa
  - 4.8. Canles de coordinación e colaboración con asociacións, entidades e bibliotecas
5. NECESIDADES E COMPROMISOS DE FORMACIÓN
6. INCORPORACIÓN DO PROXECTO LECTOR
7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
  - 7.1. Avaliación da competencia comunicativa do alumnado
  - 7.2. Avaliación do uso de estratexias de información e comunicación
  - 7.3. Avaliación das actividades de dinamización cultural
  - 7.4. Avaliación do plan de uso da biblioteca
  - 7.5. Avaliación do Proxecto Lector

## 1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

### 1.1. Análise do contorno

Desde o punto de vista físico, o CEIP Celso Emilio Ferreiro ubícase na localidade de A Silva, enmarcada no Concello de Cerceda. Atópase nunha área de transición entre as terras das Mariñas, Bergantiños e Ordes; no ángulo que forman as estradas de A Coruña a Carballo e Fisterra, e na N-555 de A Coruña a Santiago. O Concello limita ao Norte con A Laracha, ao sur con Ordes e Tordoia, ao leste con Carral e ao oeste con Carballo.

O 19% da poboación non ten estudos estando repartido o resto do grupo poboacional entre estudos de grao medio e/ou bacharelato existindo unha escasa incidencia de universitarios/as aínda que nos derradeiros anos tivo un repunte significativo.

O sector primario (minería, gandería e agricultura) e prioritario cara á economía doméstica aínda que as dúas empresas de reciclaxe ubicadas na zona empregan a unha porcentaxe cada vez maior de homes e mulleres que se incorporan ao mercado laboral. Outro dato destacable é que a cifra de paro é practicamente nula.

A proximidade de Cerceda posibilita o emprego de diversos recursos culturais e deportivos e facilita ao alumnado o acceso a estudos posteriores no noso centro de adscrición "CPI O Cruce".

O centro conta con alumnos que pertencen a dous concellos: Tordoia e Cerceda. Cómpre salientar que o grupo de alumnado pertencente ao Concello limítrofe é minoritario. A pesar de dita circunstancia as relacións con dito municipio, aínda que puntuais, non deixan de ser excelentes.

### 1.2. Análise do Centro Educativo

Durante os derradeiros cursos o centro transformou e adecuou diferentes espazos para facelos máis funcionais. Entre eles cabe destacar a aula de informática e a biblioteca.

Os **espazos didáctico-pedagóxicos e corredores** están ubicados nunha soa pranta coa seguinte distribución: vestíbulo, dirección, secretaría, sala de profesores e servizos para donas e cabaleiros. Desde o vestíbulo accedese a un corredor que atravesa o centro e ao que dan as dez aulas. Delas unha adícase a biblioteca, audiovisuais e sala de reunións e outra a aula de música. Tamén se accede desde o corredor aos servizos de nenos, nenas e mestres.

*O patio do colexio* dispón dun campo de futbito, unha pequena cancha de baloncesto e un patio cuberto desde o que se accede ao ximnasio.

Actualmente o centro conta con oito unidades das cales dúas son de Educación Infantil (de 3 a 5 anos) e seis de Educación Primaria (unha liña).

O número de alumnos matriculados oscila en torno aos oitenta.

As características académicas, persoais e sociais que presenta o alumnado pódense describir do seguinte xeito:

- Contamos con algún alumno con n.e.e. psíquicas e/ou motóricas.
- Non temos actualmente nin discentes inmigrantes nin pertencentes a minorías étnicas.
- Existe unha porcentaxe baixa de alumnos e alumnas que atopen dificultades no dominio das técnicas básicas instrumentais que lles poidan afectar ao resto das áreas e ao seu desenvolvemento socioeducativo.
- Ao tratarse dun centro de Educación Infantil e Primaria, o clima de convivencia entre iguais e co profesorado é máis que aceptábel e non se dan graves problemas neste senso.
- O nivel de participación é alto, tanto en actividades que se organizan como na clase. É de destacar a elevada motivación cara ás actividades complementarias e extraescolares, existindo unha oferta moi ampla das mesmas como resposta a dita demanda.
- As expectativas de futuro do alumnado, son cada vez máis halagüeñas, aínda que isto supoña o desarraigo con respecto ao seu hábitat natural.
- Hai unha porcentaxe significativa de alumnado con familias desestructuradas ou situacións familiares complexas e difíciles.

En canto ao profesorado convén destacar a estabilidade da plantilla, o que permitiu plantexarnos o reto de transformar a imaxe do Centro. Actualmente contamos con doce mestres con destino definitivo no centro e un coidador con tarefas específicas. Así mesmo, temos un orientador compartido co noso centro de adscrición e unha mestra de A.L. que acude un día á semana para tratar problemas concretos de logopedia.

O feito de tratarse dun centro pequeno xera un alto volume de traballo pois debemos asumir unha grande cantidade de tarefas que veñen a multiplicarse no derradeiro curso. Como contrapartida debemos sinalar que esa mesma circunstancia facilita o traballo en equipo e a toma de acordos e decisións conxuntas que nos posibilita crear progresivamente un estilo pedagóxico propio.

As relacións do Centro coas familias son satisfactorias en computo global.

### **1.3. Análise das prácticas lectoras do alumnado**

Os principais problemas que nos atopamos en relación co hábito lector son os seguintes:

- Falta de comprensión lectora debido ao escaso vocabulario que manexa gran parte do alumnado e, nalgúns casos, á deficiente adquisición da técnica lectora (silabeo, falta de retención de datos...)
- Dificultades para seleccionar a información relevante ou para elaborar esquemas e resumos.
- Problemas para elaborar textos e traballos integrando diversas informacións.
- Aínda que vai correxíndose gradualmente, todavía percíbese unha falta de hábito lector, tanto por non ser unha actividade habitual nas familias como por dedicar a maior parte do tempo de lecer a outro tipo de actividades, fundamentalmente, videoconsolas, televisión e xogos deportivos.

### **1.4. Descrición das accións que o centro levou a cabo no ámbito do desenvolvemento lector**

A biblioteca escolar é un recurso educativo fundamental para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas, xa que facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino-aprendizaxe, favorece un uso contextualizado das tecnoloxías da comunicación e da información e resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura de todo tipo de textos, e en todo tipo de soportes.

As principais accións levadas a cabo de cara a fomentar a lectura e as competencias comunicativas en xeral, foron as seguintes:

- Adquisición para a biblioteca dun número significativo de exemplares, tanto en castelán como en galego. En dito proceso tivemos especial coidado en que a súa elección resultase atractiva para o alumnado.
- Informatización documental e actualización periódica.
- Servizo de préstamos.
- Asistencia a representacións teatrais, en horario lectivo.
- Creación de talleres de lectura.
- Asistencia a concertos e exposicións.
- Organización de exposicións dos traballos realizados polo alumnado, en diversos soportes.

- Participación anual en, alomenos, dous concursos literarios patrocinados polo concello de Cerceda (conmemoración do Día do Libro e conmemoración do Día das Letras Galegas).
- Asistencia a exposicións temporais, museos e visitas a monumentos para permitir que o noso alumnado coñeza o noso rico patrimonio cultural.
- Continuouse a desenvolver o proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar que involucra ao alumnado do 1º e 3º ciclo de Primaria.
- O traballo de animación á lectura a través de sesións de Contacontos para os alumnos de 1º ciclo de Primaria foi moi apreciada polos rapaces xa que dita actividade leva implícito un alto nivel de motivación. Alén de dar lectura a contos e pequenos poemas en galego e castelán, realizáronse algunhas sesións con proxeccións de contos en Power Point. Deste xeito, os rapaces poideron disfrutar da presentación dalgúns libros que sendo moi atractivos e interesantes, estaban editados en edicións de bolsillo con ilustracións moi pequenas, o que dificultaba enormemente a súa visualización en grupo.
- Organizáronse xogos de adiviñas na biblioteca. Baixo o lema “Adiviña, quen son eu?”, tratamos de que nos cursos de Educación Infantil e 1º e 2º ciclo de Primaria, traballaran unha serie de contos clásicos a partir dunha adiviña colocada semanalmente na biblioteca. Nalgúns cursos fíxose coincidir a adiviña cos libros da campaña “Eu leo porque me peta” para completar ao mesmo tempo o álbum de cromos.
- Respecto as actividades realizadas cos alumnos de 6º para familiarizalos coas técnicas de busca de información, o traballo foi tamén satisfactorio e serviu para acadar os obxectivos propostos a través do emprego de distintos soportes.
- Levouse a cabo un proxecto de traballo para conmemorar o Día do Libro que estivo a disposición de todas as aulas durante tres semanas. O tema elixido foi “Nós lemos, e ti?”.
- O profesor de Educación Física levou a cabo unha sesión bautizada como “Busca do Tesouro” con cada curso. A valoración deste proxecto foi moi positiva xa que acadou os obxectivos propostos de involucrar a casi todo o profesorado e alumnado do centro nun tema común como centro de interese. Tratáronse as distintas áreas con diferentes soportes e cun carácter eminentemente lúdico.

## 2. CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

### 2.1. Espazo e mobiliario

A biblioteca do CEIP Celso Emilio Ferreiro está situada nun dos extremos do edificio principal. Trátase dun local relativamente reducido pero ben iluminado. Este mesmo espazo emprégase como aula de inglés para impartir o programa de anticipación,

como sala de audiovisuais ( xa que está dotada de televisión, ordenador e cañón proxector) e como sala de reunións. Ten unha capacidade para uns 30 alumnos.

Cando precisamos dun espazo de maior aforo recurrimos ao ximnasio do colexio que ten capacidade para albergar a todo o alumnado e que é, habitualmente, onde celebramos os actos colectivos como festividades e recitais.

Aínda que sería desexable contar cun local de maior tamaño para poder establecer distintas zonas (lectura informal, zona de estudo e zona de informática) as instalacións, actualmente, son suficientes tendo en conta o número de alumnos cos que contamos.

En canto ao mobiliario, dispoñemos do seguinte:

- Dúas mesas grandes, rectangulares, con trece cadeiras.
- Dúas mesas pequenas, rectangulares, con 17 cadeiras pequenas en regular estado de conservación.
- Unha mesa para o profesor que atende a sala, dotada cun posto de ordenador con acceso a Internet e integrado na rede. Neste mesmo curso aumentará a dotación de ordenadores e a nosa intención é a de dotar á biblioteca, ó menos, cun posto informático máis.
- Dous armarios pequenos con portas, dun módulo.
- Un archivador ficheiro metálico.
- Un armario de seguridade de audiovisuais.
- Dous armarios-vitrina (empregados para o material audiovisual).
- Dúas estanterías abertas específicas para os libros de Educación Infantil e varias estanterías modulares abertas para o resto dos fondos.

## **2.2. Fondo bibliográfico-documental**

Contamos cuns 4000 documentos, na súa maioría libros, que se atopan inventariados e catalogados.

En canto a outro tipo de fondos, contamos con diversas coleccións de libros-DVDs relacionados con todas as áreas de coñecemento. Dispoñemos dunha aceptábel cantidade de vídeos e DVDs de debuxos animados e de contos clásicos.

Cando se considera convinte empregar películas para tratar algún aspecto do currículo, son os docentes os que aportan material da súa propiedade ou procedemos ao seu aluguer.

A orixe dos fondos documentais é moi heteroxénea:

- Fondos procedentes dun antigo colexio de infantil da zona (Atrio).
- Algúns procedentes de doacións de profesores ou pais/nais do centro.
- Dotacións enviadas pola Consellería nas diversas campañas de fomento da lectura, así como nas celebracións dos Días do Libro e Día das Letras Galegas.
- Os procedentes das dotacións de cada titoría así como dos distintos premios literarios concedidos. Estes fondos constitúen as bibliotecas de aula e atópanse inventariados e catalogados tanto a nivel central como a nivel interno por parte de cada titor.
- Fondos finalistas específicos para reforzar a Biblioteca.
- Adquisicións realizadas polo propio centro. Nos derradeiros anos adquirimos diversos fondos repartindo as partidas para dotar de exemplares tanto ao alumnado de infantil como ao de primaria sendo seleccionadas a través dos equipos de ciclo.

A pesar do realizado no derradeiro curso, é evidente a necesidade dun expurgo para desfacernos dos documentos que non se adecúan ás características de idade e interese do alumnado.

Por outra banda, notamos un desequilibrio grande nas distintas coleccións. É necesario implicar aos equipos de ciclo nas seleccións precisas para a adquisición de obras de consulta relacionadas coas distintas materias do currículo e así adaptar o fondo editorial ao nivel de coñecementos e comprensión do noso alumnado.

### **2.3. Funcionamento**

A biblioteca está aberta de forma permanente durante o período lectivo dispoñendo dun horario de préstamos preestablecido.

Na sala de mestres existe un planing semanal para que os docentes que así o desexen poidan anotarse e acudir cos seus alumnos para realizar consultas ou ben realizar outro tipo de actividades que requiran a utilización dos fondos ou dos recursos audiovisuais. Xeralmente, cando o docente traslada a un grupo á biblioteca é para que o alumnado realice tarefas ben definidas, non para actividades de lectura libre.

De luns a venres, en horario de 15,00 a 17,00 horas, un profesor atende o servizo de biblioteca. Durante ese horario os alumnos a utilizan como sala de lectura (teñen libre acceso ás estanterías) ou de estudo. Este servizo comenzámolo no curso 2007/2008, como consecuencia da asunción da xornada continuada.

### **2.4. Vinculación dos proxectos educativos do Centro coa biblioteca**

Actualmente están a funcionar no centro os seguintes proxectos:



- Proxecto de Anticipación da Primeira Lingua Estranxeira.
- Proxecto Lingüístico de Centro.
- Proxecto de Introducción ás TIC.
- Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar.
- Proxecto bilingüe na materia de plástica para un grupo mixto composto polo alumnado de 5º e 6º de primaria.

O Proxecto de introdución ás TIC redunda de xeito sistemático nunha mellora substancial da competencia lectora do alumnado e fomenta o desenvolvemento das competencias comunicativas así como da lectura neste tipo concreto de soporte.

O desenvolvemento do Proxecto de Dinamización da Biblioteca Escolar implica a utilización de fondos da biblioteca e conleva a adquisición de material específico para levalo a cabo. Parte do material elaborado polo alumnado e profesorado, expónse na biblioteca e nos corredores pasando a arquivarse, en parte, para ser empregado noutras actividades e ocasións.

### 3. FUNCIONES DO COORDINADOR E DO EQUIPO DE APOIO Á BIBLIOTECA

O **coordinador** do proxecto é o mestre encargado da dinamización da biblioteca, D. Joaquín Casal Quintáns que dispón dun horario específico para levar a cabo dita tarefa.

A persoa responsábel da biblioteca escolar desenvolverá as seguintes funcións:

- Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio a biblioteca, o Plan Anual de Lectura así como a Memoria específica.
- Coordinar, seguindo as directrices da Consellería, a elaboración e posta en práctica do Proxecto Lector de Centro, coa participación de todo o profesorado.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Organizar o servizo de préstamos.
- Definir os criterios para os préstamos e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.

- Coordinar ao equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar ao equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

Para levar a cabo as súas funcións disporá dun horario non inferior a catro períodos lectivos, sendo este tempo respectado e considerado como o de traballo directo co alumnado.

O **equipo de biblioteca** encargarse de:

- Colaborar na elaboración do deseño, seguemento e avaliación do Plan Anual de Lectura, do Proxecto Lector de Centro e da Memoria final.
- Executar de xeito directo, ou en colaboración coas titorías, as actividades da chamada hora de lectura, contribuíndo a incorporar no Plan Anual de Lectura os distintos tipos de accións.
- Colaborar co equipo directivo na coordinación de todo o proceso.
- Establecer criterios de tipo pedagóxico na selección de materiais, actividades..., que teñan que ver coas súas funcións na biblioteca.

A composición deste equipo corresponde ao centro definila e regulala no regulamento de réxime interior.

O equipo de profesorado colaborador, será a que figure na P.X.A.

Procederá a establecer unha hora mensual de reunión do equipo de biblioteca para coordinar as tarefas.

## 4. DESCRIPCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN PROPOSTO

### 4.1. Xustificación

O PROXECTO LECTOR será o documento marco que integre todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades para acadar ou expoñer distintos tipos de información.

Procurará a adquisición das competencias básicas sinaladas na L.O.E., especialmente nas referidas a:

- *Comunicación lingüística.*
- *Tratamento da información e a competencia dixital.*
- *Competencia cultural e artística.*
- *Competencia para aprender a aprender.*

Coa finalidade de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e os Decretos e Ordes da Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O Proxecto Lector de Centro é un documento deseñado para desenvolver a medio prazo no que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións a realizar no centro en relación coa lectura e a escritura. Contará coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O Proxecto Lector de Centro será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura que se incluírá na Programación Xeral Anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estará coordinado pola persoa responsábel da biblioteca escolar.

#### **4.2. Obxectivos de mellora**

Con este Proxecto pretendemos conseguir os seguintes obxectivos:

- Mellorar substancialmente os resultados académicos do noso alumnado a través do desenvolvemento dos instrumentos necesarios para elo: a expresión e a comprensión oral e escrita.
- Aumentar a motivación do alumnado e mellorar as súas actitudes cara á aprendizaxe.
- Fomentar entre o alumnado o pracer pola lectura desenvolvendo o seu sentido crítico e proporcionándolle alternativas ao lecer pasivo e consumista en que nalgunhas ocasións se atopan inmersos.
- Favorecer o desenvolvemento da competencia lectora e que se convirta en elemento prioritario e asunto colectivo do colexio, das familias e da comunidade.
- Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas e materias do currículo, tendo en conta as especificidades de cada unha delas.
- Fornecer aos mestres orientacións que axuden a mellorar no alumnado o desenvolvemento de aquelas competencias, habilidades e estratexias, no marco de situacións significativas e relevantes de lectura, que lles permitan converterse en lectores/as competentes e capaces de comprender, reflexionar e interpretar a través de diversos tipos de textos e formatos.

- Contribuír á sistematización e coherencia das prácticas profesionais que en relación coa lectura se desenvolven no noso colexio e favorecer a súa integración no proceso de ensinanza-aprendizaxe das diferentes áreas e materias do currículo.
- Converter a biblioteca nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.
- Potenciar a actualización e formación do profesorado para que contribúan, de xeito relevante, á mellora da competencia lectora e do hábito lector no alumnado.

### 4.3. Proxecto lector do centro

#### 4.3.1. Procedementos e estratexias

O coordinador e o equipo de mestres de apoio á biblioteca desenvolverán o presente Proxecto en aras a mellorar a competencia comunicativa dos nosos alumnos, non só nos aspectos referentes á comprensión senón tamén da expresión, elaborando estratexias para conseguir:

- Que dito proxecto sexa asumido por todo o profesorado do Centro, recoñecendo que todos están implicados no desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.
- Que as familias se impliquen no seu desenvolvemento, para o cal serán informadas e se lles pedirá a súa colaboración.
- Que a comprensión lectora se convirta no eixe de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. A lectura comprensiva debe traballarse conxuntamente coa expresión oral e escrita en todas as áreas do currículo.
- Que a biblioteca se transforme nun verdadeiro centro de recursos e un activo servizo de información cuxas actividades se integren nos procesos pedagóxicos do Centro que se recollen no Proxecto Educativo, nos Proxectos Curriculares e na Programación Xeral Anual.
- Que os nosos alumnos se convirtan en lectores polivalentes capaces de:
  - ✓ Utilizar diferentes tipos de lectura (silenciosa, en voz alta, lectura rápida, selectiva e lenta).
  - ✓ Traballar con diferentes tipos de textos (literarios, científicos, argumentativos, continuos e discontinuos).
  - ✓ Ler en diferentes soportes (xornais, enciclopedias, monitor do ordenador, mapas, películas...).
  - ✓ Ter motivacións variadas para a lectura (para informarse, para buscar un dato, para aprender, para o disfrute persoal).

- ✓ Apropriarse de diversos espazos de lectura (aula, biblioteca escolar, biblioteca de aula, biblioteca pública...)
- Que se realicen propostas de traballo en grupo, dentro e fóra da aula, como medio de fomentar os intercambios orais e para conseguir unha aprendizaxe colaborativa.

Por outra banda, o Claustro de Profesores asume que a comprensión correcta dun texto implica que o lector pase por todos os niveis de lectura. Os aspectos da lectura que deben ser considerados á hora de desenvolver a competencia lectora son os seguintes:

- *Comprender globalmente*: Considerando o texto como un todo. Capacidade de identificar a idea principal ou xeral dun texto.
- *Obter información*: Atención ás partes dun texto, a fragmentos independentes de información. Capacidade para localizar e extraer unha información nun texto.
- *Elaborar unha interpretación*: Atención ás partes dun texto, á comprensión das relacións. Capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir da información escrita.
- *Reflexionar sobre o contido dun texto*: Emprego do coñecemento exterior. Capacidade para relacionar o contido dun texto cos coñecementos e as experiencias previas.
- *Reflexionar sobre a estrutura dun texto*: Emprego do coñecemento exterior. Capacidade de relacionar a forma dun texto coa súa utilidade e coa actitude e intención do autor.

Para favorecer a posta en marcha do Proxecto Lector, os seus obxectivos incorporaranse aos Plans Anuais de Lectura co obxecto de encamiñar todas as actuacións educativas a conseguilos; polo tanto, a súa posta en marcha será revisada trimestralmente e avaliarase ao final de cada curso escolar.

O desenvolvemento do presente proxecto estará presente na elaboración tanto do novo P.E.C. como dos Proxectos Curriculares.

O coordinador do proxecto fomentará o desenvolvemento do mesmo e fará circular a información nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que se celebran mensualmente, e a través da páxina web do Centro.

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcelsoemilioferreiro>

#### **4.3.2. Adaptación da biblioteca ás necesidades da Comunidade Educativa**

O subministro dun valioso e variado material para a biblioteca do centro é imprescindible para formar lectores competentes porque saber ler implica, por unha banda, o acercamento á diversidade de textos coa finalidade de coñecer distintas funcións e estilos da escrita e, por outra, saber buscar, elixir e cotexar.

A biblioteca, cuns obxectivos claros, uns fondos suficientes e axeitados e unha boa organización, pode xogar un papel moi importante na consecución da finalidade e dos obxectivos do PROXECTO LECTOR.

Dispor dunha boa biblioteca no centro e facer un emprego axeitado dela non é tarefa fácil, pois require unha organización, unha distribución espacial e temporal, e unha concepción colectiva da finalidade e sentido que o seu uso ten.

De acordo co establecido no artigo 113.3 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a facilitar ao alumnado tanto o acceso á información e a outros recursos para a aprendizaxe de áreas e materias, como a posibilidade de formarse no uso crítico dos mesmos.

Así concebida, a biblioteca escolar é un recurso idóneo para impulsar a comprensión, uso, reflexión e traballo sobre distintos tipos de textos, así como para establecer una axeitada diversidade de situacións comunicativas como complemento primordial do traballo na aula. A biblioteca escolar é o espazo ideal para acercarse a unha pluralidade de textos e a unha gran variedade de finalidades da lectura (atopar un dato, realizar un traballo en profundidade, etc.). Así mesmo, considerámola como un centro de documentación e recursos para a mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, que contribúe ao cambio metodolóxico dos docentes e ao desenvolvemento da autonomía do alumnado, especialmente, nos procesos de recepción e produción de textos, de investigación e de comunicación.

Neste senso, é de interese que a biblioteca esté dotada de distintos tipos de materiais e recursos (xornais, revistas, libros de texto, contos, enciclopedias, dicionarios, manuais que contribúan a ampliar as experiencias e coñecementos adquiridos a través das diferentes áreas e materias, programas educativos interactivos...) en diferentes formatos e soportes (visuais, sonoros, audiovisuais, informáticos, multimedia, papel...) posto que é importante aprender con todo tipo de libros, recursos e materiais didácticos, é dicir, aprender con calquera documento do que se poida extraer información relevante.

A biblioteca é un lugar axeitado para o emprego de ordenadores con acceso a internet xa que este recurso está considerado como a biblioteca máis ampla e mellor dotada do mundo.

Unha boa programación da biblioteca escolar debe xerar espazos, tempos e modos diferentes para tratar temas relevantes e permitir a intervención de todo o alumnado e o profesorado, creando un clima que estimule melloras xerais na aprendizaxe. Neste senso, a biblioteca do centro contribuirá ao desenvolvemento das capacidades do alumnado e á adquisición de aprendizaxes autónomas e significativas para o cal, o seu uso, debe integrarse nos procesos de ensinanza-aprendizaxe. De igual xeito, debe ser un recurso para fomentar lectores polivalentes capaces de comprender e expresarse en calquera linguaxe (escrita, xestual, plástica, musical...).

Así pois, a biblioteca debe desempeñar un papel fundamental no desenvolvemento deste PROXECTO LECTOR e o seu uso se organizará e planificará no contexto da finalidade e dos obxectivos que o Proxecto persegue. É convinte fomentar o uso da biblioteca como lugar de disfrute, investigación, documentación e consulta, é dicir, como un espazo de formación integral e enriquecemento persoal, non só do alumnado senón tamén do profesorado e das familias. A biblioteca, así entendida, convértese nun espazo motivador para todos os membros da Comunidade Educativa.

Por outra banda, estímase de interese a potenciación das relacións entre a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, sen prexuízo da consideración da primeira como o espazo educativo común no que se centralicen os fondos documentais e certos recursos informáticos do centro.

Así mesmo, promoveremos a colaboración entre a nosa biblioteca e outras bibliotecas, institucións e organizacións relacionadas coa cultura e o coñecemento que teñan entre os seus fins a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector. Neste senso, a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no seu artigo 113, determina que os centros educativos poderán chegar a acordos cos municipios respectivos para o uso das bibliotecas municipais coas finalidades previstas en dito artigo.

Consideramos de interese que o fomento e uso da biblioteca escolar forme parte tanto do plan e programa de reforzo e apoio educativo como dos programas e plans que se leven a cabo no Centro. Todo elo, de acordo co establecido no artigo 113.4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación: *“A organización das bibliotecas escolares deberá permitir que funcionen como un espazo aberto á Comunidade Educativa dos centros respectivos”*.

A adaptación da nosa biblioteca ás necesidades da Comunidade Educativa requerirá a consecución dos **obxectivos a actuacións** descritos de seguido:

Obxectivos:

- Ampliar as novas dotacións e mantemento axeitado das xa existentes.
- Favorecer e potenciar o emprego da biblioteca.
- Integrar o uso da biblioteca tanto na organización do Centro como no desenvolvemento das programacións didácticas das diferentes áreas e materias curriculares, para contribuír á mellora da competencia lectora e ao fomento do hábito lector.
- Constituír o ámbito axeitado no que os alumnos adquiran as capacidades necesarias para o uso das mesmas fontes de información, co fin de desenvolver aprendizaxes autónomas.
- Establecer unha estreita relación e vinculación entre a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula.
- Colaborar con outras bibliotecas e con outras institucións, cuxa finalidade sexa a dinamización da lectura e a potenciación do hábito lector.
- Contemplar, de xeito preferente, actividades relacionadas coa biblioteca tanto en proxectos como en programas e plans de reforzo e apoio educativo, e calquera outro que levemente a cabo.

#### Actuacións:

- Coordinación interna e mellora da organización e funcionamento da biblioteca pola vía da formación no centro.
- Emprego das TIC na organización e xestión da biblioteca escolar (informatización de fondos, relación de usuarios, facilidade de consulta e acceso aos fondos...).
- Emprego de Internet na busca e achegamento a unha gran variedade e diversidade de tipos de texto con fins educativos.
- Fomento da figura do responsábel da biblioteca como dinamizador da mesma e posibilitar que asista ás reunións específicas da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Establecemento de relacións entre a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula.
- Coordinación con outras bibliotecas, institucións e organizacións dedicadas ao fomento da lectura e ao desenvolvemento da comprensión lectora.
- A biblioteca será empregada por todos os alumnos do centro así como por todos os profesores.
- Estableceranse horarios específicos para que os distintos grupos acudan sistematicamente á biblioteca.

#### **4.3.3. Actividades de carácter xeral**



- **Taller de Contacontos:** enfocado a toda a Comunidade Escolar, aínda que se establecerán grupos de idade e/ou intereses similares.
- **Taller de Literatura:** nel realizaranse actividades encamiñadas a favorecer a expresión escrita en diferentes estilos literarios (narrativa, poesía, teatro, ensaio,...), podendo participar nos diversos certames e convocatorias literarias que se nos ofrecen aos centros.
- **Taller de Teatro:** preparando diversas obras de teatro que serán representadas en festas e conmemoracións do colexio.
- **Taller de recuperación de tradicións orais e escritas:** daríase prioridade á transmisión de tipo oral ou escrita de aquelas tradicións que estanse a perder, como poden ser: cancións populares, xogos infantís, receitas de cociña tradicionais. Os discentes poderían recollelas nun libriño para regalar ás familias,...
- **Taller de animación á lectura con pais e nais:** este taller, encamiñado a pór en contacto a pais e nais do noso centro coa lectura, móstrase como un mecanismo moi interesante na motivación de aqueles nenos/as cuxos pais lean na casa.
- **Préstamos:** os préstamos pódense realizar a calquera membro da Comunidade Escolar en horario non lectivo. Utilizarase o mesmo sistema de préstamo que o levado polo mestre encargado da biblioteca. Os membros do equipo de biblioteca coordinarase co responsábel para adestrarse no manexo do sistema informático (Abies) e nas normas de utilización e manexo da biblioteca escolar.
- **Proxectos audiovisuais (Libro e Cine):** visionado de películas procedentes de adaptacións de libros. Previamente lerase o libro e despois compararanse aspectos tales como a fidelidade do tema, a forma de expresión, os recursos utilizados, a riqueza de vocabulario, a comunicación non verbal,...
- **Gravacións de contos, noticiarios,...** de maneira que os nenos/as elaboren por escrito o que se vai a gravar, realizando correccións conxuntas para mellorar a produción, conseguindo así a interrelación dos alumnos e o enriquecemento mutuo. Potenciarase a procura de información na biblioteca do Centro ou se solicitará a información a través de páxinas de internet de xornais nacionais. Estas gravacións poden formar parte dunha audioteca do Centro, e poderase intercambiar coas doutros centros.
- **Confección dun Xornal Escolar:** que recolla as noticias e as inquiredanzas do alumnado e que lle serva, ademais de forma de expresión, de práctica de expresión verbal. Esta actividade tamén se pode expor como taller de literatura. Levarase a cabo, como xa é costume, ao longo do curso e establiranse grupos para elixir os contidos do mesmo.
- **Pór unha caixa de correos na clase :** para que os nenos se escriban cartas entre eles, coa única consigna de que deben ser respectuosas.

- **Escenificación de contos:** a través de lecturas dramatizadas.
- **Establecer relacións a través de correos electrónicos:** con alumnado doutros centros.
- **Actividades manipulativas.**

**Experimentos** de tipo físico, mecánico,... Con libros que nos mostren un gran número de experiencias con auga, aire,....

**Actividades de cociña** que requiran unha documentación para a súa elaboración. Por exemplo, en Nadal pódese facer unha procura sobre os costumes referidos a esta festa en diferentes países. Os resultados obtidos pódense pór en funcionamento na clase e poden transmitirse a outros nenos do centro, ás familias,..

Todas estas actividades que se propoñen para realizar no contexto da aula e do grupo-clase, están referidas a calquera dos ámbitos do coñecemento que se traballan na escola, establecéndose unha interrelación entre as materias. Non só se refiren ás materias que tradicionalmente se achegaron máis á biblioteca como é o caso da Lingua. Tamén cabe aquí a investigación en Matemáticas, cos recursos que a biblioteca pode achegar, tales como diverso material de razoamento matemático, de xogos lóxicos,...

#### 4.3.4. Estratexias e actividades de apoio ao currículo

Partimos de que as seguintes premisas son básicas para que cada docente coñeza o punto de partida e o camiño a seguir para acadar os obxectivos propostos no Proxecto Lector do Centro:

- Diagnosticar o nivel lector do alumnado.
- Adicar ½ hora diaria, dentro do horario lectivo do alumnado, á lectura.
- Incluír en todas as materias a lectura de textos non escolares en distintos soportes (extraídos de Internet, da prensa diaria, de revistas especializadas, de enciclopedias, e dos libros de consulta existentes na biblioteca), garantindo a comprensión por medio do emprego do dicionario e a realización de esquemas e resumos. Estas actividades de lectura se desenvolverán, preferentemente, na biblioteca.
- Elaborar un listado de termos fundamentais de cada materia que deben ser coñecidos polo alumnado para favorecer a comprensión dos contidos. Os alumnos e alumnas deberán elaborar un glosario cos mesmos empregando definicións claras e sinxelas. Na medida do posíbel, traballarase a orixe etimolóxica dos termos estudados para facilitar a ampliación do léxico e a relación entre os coñecementos das distintas áreas.

- Fomentar a lectura de textos narrativos e expositivos na lingua estranxeira cursada.
- Fomentar a práctica na aula e fóra dela de distintos tipos de lectura: lectura en voz alta, lectura para buscar unha información concreta, lectura global, lectura para satisfacer a curiosidade, lectura para entreterse...
- A **comprensión lectora de textos narrativos e expositivos** (contos, libros de texto, noticias, reportaxes e outros materiais...) é una das tarefas propostas dentro dos plans de mellora na área de competencia lingüística. Enfócase ao alumnado de Educación Primaria adaptando os criterios aos niveis competenciais de cada grupo de alumnos e concrétese nos seguintes procesos lectores:

- |   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión global: ideas principais</li> <li>• Comprensión pormenorizada: localizar información</li> <li>• Interpretación e reelaboración do texto</li> <li>• Reflexión sobre a forma e o contido do texto</li> </ul> |
|---|

De seguido especificanse unha serie de actividades referentes á competencia lingüística e, polo tanto, aplicables a todas as linguas do currículo.

### TAREFAS LECTORAS

| PROCESOS  | ESTRATEGIAS   | ACTIVIDADES  |
|---|---|--|
| <b>1. Comprensión literal: extraer información específica e explícita do texto.</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pensar antes de ler, que saben dese tema.</li> <li>• Predecir ( guiados polo tema, e o título, as ilustracións, o contexto, a súa experiencia...).</li> <li>• Localizar información.</li> <li>• Relacionala co que saben.</li> </ul>                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Buscar palabras, frases ou oracións de especial relevancia nun texto e de acordo cun criterio (ou máis).</li> <li>• Identificar tempo (época, momentos especificados no texto) e/ou lugar dun relato. Ver que efectos pode ter ó cambiar o escenario, a época...</li> <li>• Buscar sinónimos de palabras no texto.</li> <li>• Facer preguntas como se foran xornalistas, investigadores...: quen?, onde?, cando?, etc.</li> </ul> |
| <b>2. Comprender globalmente o texto</b>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Determinar a idea principal ou o tema.</li> <li>• Valorar a importancia da información: <ul style="list-style-type: none"> <li>-Tema, título.</li> <li>-Ideas principais.</li> <li>-Ideas secundarias.</li> </ul> </li> <li>• Seccións, parágrafos, oracións.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Marcar un texto con varias cores.</li> <li>• Poñer títulos, subtítulos.</li> <li>• Selección da oración que recolle mellor o sentido (parágrafo, parte, texto).</li> <li>• Resumir o texto.</li> <li>• Decidir o mellor resumo dun texto.</li> <li>• Palabras clave dun problema.</li> <li>• Partes: presentación, problema, solución, introdución, corpo, conclusión, etc. (en función do texto).</li> </ul>                     |

|  |   |  |
|--|---|--|
| <b>3. Interpretar e integrar ideas e información</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar a intención ou a finalidade dun texto.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modelar como se realiza a selección da resposta en preguntas de opción múltiple.</li> <li>• Facer, comentar, relacionar palabras con ilustracións e etiquetas sobre un debuxo.</li> <li>• Discutir o tipo de libro que podería conter ese texto.</li> <li>• Inferencia do ambiente dunha historia.</li> <li>• Identificar os destinatarios dunha mensaxe.</li> <li>• Describir: personaxe principal, escenario, ambiente dunha historia.</li> </ul>   |
| <b>Reelaborar o texto</b>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comparar e contrastar información entre distintas partes do texto</li> <li>• Identificar as frases que xustifican unha idea, unha opinión ou valoración...</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir a relación entre dous personaxes.</li> <li>• Explicar a relación entre personaxes.</li> <li>• Ordenar secuencias, argumentos e lugares.</li> <li>• Predición do que vai a ocorrer e revisión ou confirmación das predicións.</li> <li>• Considerar posibles alternativas ás accións dos personaxes e consecuencias.</li> <li>• Establecer diferentes finais.</li> </ul>   |
| <b>Realizar inferencias directas, baseadas no que di o texto, tendo en conta as diferentes partes de dito texto e a súa relación có todo</b> | <b>Inferir ou deducir</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Deducir que un suceso é a <b>causa</b> doutro.</li> <li>• Establecer a <b>conclusión</b> á que levan varias razóns.</li> <li>• Identificar as <b>xeralizacións</b> do texto.</li> <li>• Describir as <b>relacións</b> entre personaxes.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprobar que recurrimos á elipse ao contar cousas (un conto, unha película, un proceso, unha rutina...)</li> <li>• Narrar minuciosamente algo sinxelo.</li> <li>• Comprobar que as elipses requiren posteriormente suplir o omitido e facer deducións.</li> <li>• Discutir a causa dalgún feito expresado nun texto, ás respostas a preguntas que fan eles ou o profesor.</li> <li>• Engadir frases incoherentes a un texto para que outros as localicen.</li> <li>• Discutir as posibles diferencias de sentido segundo o contexto dunha frase.</li> <li>• Inventar contextos para frases.</li> </ul> |

|  |  |   |
|--|--|---|
| <p><b>4. Examinar e avaliar o contido e os elementos textuais</b></p> <p><b>Avaliar e contrastar o contido do texto cos coñecementos previos e externos ao mesmo</b></p> <p><b>Avaliar os elementos lingüísticos e textuais</b></p> <p><b>Reflexionar sobre a forma do texto</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Considerar críticamente o contido do texto.</li> <br/> <li>• Tomar postura ante a representación da realidade mostrada.</li> <br/> <li>• Avaliar o impacto dalgunhas características textuais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliar a probabilidade de que feitos descritos poden ocorrer realmente. Distinguir feitos reais, probábel e fantásticos.</li> <li>• Analizar e describir como consegue o autor elaborar un final interesante, impulsar o interese por medio da narración, conectar feitos, obxectos e situacións ao longo do texto.</li> <li>• Xulgar se a información do texto é completa e clara, obxectiva, parcial...</li> <li>• Determinar a perspectiva do autor respecto ao tema.</li> <li>• Identificar a intención ou os motivos que moven a un personaxe concreto.</li> <li>• Contrastar o contido con normas de convivencia, éticas, estéticas...</li> <li>• Relación das probas aportadas coa conclusión.</li> <li>• Deducir o significado a partir do contexto.</li> <li>• Reflexión sobre o vocabulario: rexistro, riqueza.</li> <li>• Substitución dalgunhas nomes, adxectivos, adverbios, verbos... e valorar o resultado.</li> <li>• Cuestións relativas á estrutura do texto.</li> <li>• Cuestións relativas ao estilo do texto.</li> </ul> |
|--|--|---|

De acordo con isto, trataríase de que nas clases de lingua (de todas as do currículo), se realicen, en primeiro lugar, **numerosas, frecuentes e variadas** lecturas, procurando aplicar o maior número posíbel das tarefas descritas ou outras similares (en función dos textos e das idades do alumnado).

O emprego da lingua materna, nos primeiros cursos, permitirá uns niveis de comprensión máis profundos. Así mesmo, reflexionarase con máis profundidade sobre os textos, as tarefas e as estratexias.

É convinte que se apliquen avaliacións dos logros do alumnado con certa regularidade, podendo seguir como exemplo os items seguintes:

#### TIPO DE PREGUNTAS PARA VALORAR A COMPRENSIÓN LECTORA

##### 1. Buscar **unha palabra** no texto

- Como se chama...?. Comezo dun proceso, termo dunha definición.
- Que fai?, di, pensa... un personaxe...
- Decidir se unha cousa pertence a outra, a un proceso, a unha categoría...
- Onde sucede algo.
- Cando sucede algo.
- Quen di algo, quen fai algo. Por que, a quen, para que...
- Quen conta a historia.

- Que personaxes interveñen.
- 2. Ver se unha palabra ten o mesmo significado, ou diferente, nunha frase do texto e noutras frases (trátase de exercicios de polisemia para comprobar o coñecemento de distintas acepcións).
- 3. **Localizar varias palabras relacionadas:** partes de algo, relación entre personaxes ou participantes..., frases do texto formuladas de distinto xeito pero con significado semellante: sinónimos, antónimos.
- 4. **Ordenar** varios feitos segundo a **secuencia** seguida no texto.
- 5. Aplicar a información do texto á vida e experiencias do lector.
- 6. Preguntar sobre a **información que dan as ilustracións.**
- 7. Deducir unha conclusión a partir dos datos do texto.
- 8. Diferenciar partes nun texto.
- 9. De qué tipo de texto se trata.
- 10. Finalidade do texto.
- 11. Decidir se unha afirmación é **verdadeira ou falsa** de acordo co que di o texto.
- 12. **Detectar erros ou contradicións** nunha oración.
- 13. Establecer puntos de **comparación** entre o que di o texto e o que xa saben.
- 14. Dar varias **razóns** sobre algo.
- 15. **Reescribir** unha información, razoamento, explicación **coas súas propias verbas.**

#### 4.3.5. Estratexias e actividades de información e comunicación

- Propoñer ao alumnado a realización de pequenos traballos de investigación de carácter interdisciplinar empregando fontes variadas. Este aspecto está especialmente vinculado ao emprego das TIC.
- Fomentar o traballo en grupo como medio de facilitar os intercambios orais e de axudarlles a obter unha maior comprensión e interpretación dos textos.
- Presentar o resultado dos traballos de investigación en soportes variados: presentación en Power Point, textos literarios, artigos, resumos...
- Preparar exposicións orais sobre os traballos realizados.

#### 4.3.6. Estratexias e actividades de dinamización cultural

- Seleccionar libros de lecturas para os distintos cursos e niveis. Elaborar guías de lectura ou aproveitar as elaboradas por outros centros e institucións e difundilas a través dos taboleiros de anuncios das aulas, da páxina web...
- Realizar reseñas dos libros lidos e difundilos do mesmo xeito que no punto anterior.
- Asistir a obras de teatro, visitas a bibliotecas, librarías, proxección de películas procurando que as actividades estén adaptadas á idade e preparación do alumnado. Estas actividades non se realizarán de xeito illado ou puntual, senón que se realizarán actividades previas e posteriores ás mesmas para garantir o seu aproveitamento didáctico.
- Asistir aos concertos didácticos planificados na Programación Anual.

- Continuar coa práctica de escenificación de obras teatrais en celebracións específicas ( Nadal, Día das Letras Galegas...).
- Visitar xornais, estudos de televisión e emisoras de radio e asistir á grabación dalgún programa.
- Celebración de actos conmemorativos en datas sinaladas: Día do Libro, Día das Letras Galegas...
- Organización de concursos de carteis, fotografías, marcapáxinas así como de concursos literarios.
- Realizar exposicións anuais, na biblioteca, dos traballos máis interesantes realizados polos alumnos.

#### **4.3.7. Recursos**

##### **MATERIAIS:**

Os recursos necesarios son:

- Libros de consulta das distintas materias que se atopan menos representadas na biblioteca, para equilibrar o fondo.
- Material educativo en soporte informático.
- Películas de interese educativo e de formación en valores, con especial incidencia na cultura da paz e da igualdade de xéneros.
- Material específico para a confección do noso Xornal Escolar.

Por outra banda, os recursos dos que dispoñemos e os que recibiremos (ordenadores fixos e portátiles) axudarán no desenvolvemento dos obxectivos plantexados no Proxecto Lector.

##### **HUMANOS:**

A pesar de ser poucos mestres e estar inmersos en múltiples proxectos e actividades, pensamos que é imprescindible a presentación do presente Proxecto por dous motivos esenciais:

- Porque recolle e sistematiza unha serie de inquiredanzas presentes no Claustro que vense traducidas, en maior ou menor medida, nas actividades que se están a levar a cabo.
- Porque engloba e vertebra o resto dos proxectos educativos do centro, marcándolles unha finalidade común.

Aparte dos compoñentes da biblioteca, contamos para desenvolver o proxecto co apoio de todo o profesorado.

#### 4.3.8. Interrelación de niveis e áreas

O desenvolvemento do Proxecto Lector e emprego da biblioteca implica a todos os niveis educativos que se cursan no Centro, infantil e primaria, e a todas as áreas e materias.

O seguimento da aplicación do Proxecto corresponderá a todos os mestres do colexio e coordinarase a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Favorecerase o traballo multidisciplinar a través do desenvolvemento de proxectos de traballo e investigación na aula (esta metodoloxía estase a empregar no momento actual). As materias instrumentais proporcionarán ferramentas e marcarán directrices para avanzar na consecución dos obxectivos propostos.

#### 4.3.9. Atención á diversidade

A propia metodoloxía que inspira tanto este Proxecto como os restantes que estan a desenvolverse no centro, favorecen a atención á diversidade pois permiten que cada alumno poida traballar ao seu propio ritmo.

En primeiro lugar, pola liberdade que se dará ao alumnado para escoller as súas lecturas, podendo seleccionar entre un amplo abano os temas que lle interesan.

O profesorado en xeral e o grupo de colaboradores da biblioteca en particular intentará orientalos para que escollan lecturas adaptadas ás súas capacidades lectoras e, ao mesmo tempo, guíalos para que amplíen progresivamente os seus horizontes temáticos e aprendan a solventar as dificultades dos textos aos que van a enfrontarse.

As propostas de traballo por proxectos implican que o traballo non se reparte, senón que todos realizan o seu traballo persoal axudados polo resto dos compañeiros. Isto, por unha parte, favorece a aprendizaxe entre iguais e, por outra, se as propostas son o suficientemente ricas e variadas, poden levar a descubrir que todos temos algo que aportar. Hai quen destaca na produción de ideas, quen o fai na exposición oral, quen domina a presentación, quen debuxa, quen domina as novas tecnoloxías... de forma que cada participante poderá desenvolver en maior medida as capacidades que posúe e aprenderá dos demais naquilo no que atopa maiores dificultades.

Dada a importancia social da lectura, parece imprescindible que se potencie a competencia lectora en todos e cada un dos alumnos e alumnas do centro. Non debemos permitir que un só alumno ou alumna termine a primaria sen unha bagaxe



básica de estratexias, habilidades, actitudes e coñecementos que lle permitan desenvolverse de maneira suficiente e autónoma, como lector competente.

A finalidade do PROXECTO LECTOR vai dirixida a mellorar a competencia citada e a fomentar o hábito lector en todos os alumnos e alumnas e especialmente naqueles/as que, por diversas razóns, atopan dificultades no desenvolvemento normal da súa competencia lectora e necesitan adquirir ou fomentar o hábito lector.

Deste xeito, a ensinanza e a aprendizaxe da lectura quedarán incorporados no sistema de reforzos e apoios que organice o centro.

A nosa pretensión é que a aprendizaxe da lectura non se convirta nunha mera reprodución do que o mestre realiza na aula senón que, a través de procedementos e estratexias complementarias ás estritamente curriculares, se leven a cabo outras actividades máis cercanas á educación non formal, tendo como referente os obxectivos que pretendemos acadar no ámbito curricular.

#### 4.4. Plan de uso da biblioteca escolar

Clasificamos os obxectivos e actividades incluídos no plan de uso da biblioteca nos catro apartados que aparecen de seguido, concretados, distribuídos e temporalizados no cadro resumo do **Anexo I**.

- Accións encamiñadas a garantir a dispoñibilidade dos documentos.
- Accións encamiñadas a equilibrar o fondo.
- Mecanismos para a circulación e difusión dos fondos.
- Ampliar as posibilidades de emprego pedagóxico da biblioteca.

##### 4.4.1. Accións encamiñadas a garantir a dispoñibilidade dos documentos

- Consolidar o equipo da biblioteca e garantir a aprendizaxe do manexo do programa Abies por parte de todos os seus membros.
- Crear un grupo de alumnos voluntarios que axuden nas tarefas de mantemento da biblioteca (clasificación de fondos, colocación de texuelos...).
- Adaptar a CDU ás necesidades da nosa biblioteca.
- Clasificar espacialmente os fondos segundo a CDU.
- Contactar coas titorías para que seleccionen, entre os recursos que se atopan nas súas aulas, aqueles que sería convinte trasladar ou compartir coa biblioteca.

##### 4.4.2. Accións encamiñadas a equilibrar o fondo

- Realizar un expurgo dos fondos que non son axeitados para as características da nosa biblioteca para gañar espazo.

- Doar a outras bibliotecas os fondos que se atopen en bo estado e poidan ser aproveitados por elas ( Biblioteca Municipal da Silva e Biblioteca Municipal de Cerceda).
- Crear follas de Desiderata.
- Priorizar a compra de obras de referencia e de información, centrándonos especialmente naquelas áreas de coñecemento que están menos representadas actualmente, así como de documentos en soporte informático, vídeos. CDs e DVDs.
- Manter, e se cabe ampliar, o presuposto anual para o mantemento da biblioteca e establecer a política de adquisicións de acordo coa comisión da biblioteca.

#### **4.4.3. Mecanismos para a circulación e difusión dos fondos**

- Definir as condicións do préstamo que se aplicarán aos diferentes usuarios na biblioteca.
- Mellorar o servizo de préstamos aproveitando as vantaxes da automatización.
- Elaborar unha guía da biblioteca e facela chegar a toda a Comunidade Educativa.
- Empregar a web do Centro para difundir o catálogo da biblioteca.
- Difundir a información cultural, deportiva, científica, etc. que se considere axeitada para o noso alumnado a través dos taboleiros de anuncios (da biblioteca, do vestíbulo principal, das aulas) e a través da web do Centro.
- Realizar estatísticas de préstamos que permitan avaliar o servizo, e difundilas a través da páxina web.
- Mellorar a xestión da biblioteca para ofrecer novos servizos.

#### **4.4.4. Ampliar as posibilidades de emprego pedagóxico da biblioteca**

- Incluír no Proxecto Educativo e nas Programacións Curriculares as modificacións necesarias para desenvolver o Plan Lector, vinculándoos especialmente ao desenvolvemento do proxecto TIC.
- Informar ao profesorado sobre o sistema de organización dos fondos e sobre a adquisición dos mesmos.
- Dar a coñecer aos pais e nais os obxectivos do Proxecto Lector así como o emprego da biblioteca e solicitar a súa colaboración.
- Aumentar a dous o número de ordenadores con conexión a Internet da Biblioteca, aproveitando as próximas dotacións.
- Establecer unha hora semanal de uso da biblioteca para cada grupo-clase.
- Manter a apertura da biblioteca en horario de tarde tal como figura no Proxecto pedagóxico-didáctico aprobado.

- Avaliar o servizo da biblioteca por medio da análise e difusión das estatísticas de préstamo, enquisas ao profesorado e ao alumnado, e pola revisión periódica por parte do equipo de profesores e profesoras colaboradores do grao de consecución dos obxectivos e do desenvolvemento das tarefas propostas.

#### ANEXO 1 Cadro resumo de tarefas da biblioteca

| <b>Para garantir a dispoñibilidade dos documentos</b>  |   |                        |
|--|---|------------------------|
| <b>Tarefa</b>  | <b>Persoa encargada</b>                                     | <b>Temporalización</b> |
| Creación do equipo e profesorado da Biblioteca e formación no uso do programa ABIES.                           | Equipo directivo e coordinador do proxecto.                 | Setembro de 2008.      |
| Adaptación da CDU.   | Equipo de profesorado da biblioteca.                        | Curso 2009/2010.       |
| Catalogación retrospectiva.  | Equipo de profesorado da biblioteca e alumnado colaborador. | Curso 2008/2009.       |
| Catalogación dos fondos que se atopan nas aulas ou despachos e, no seu caso, traslado dos mesmos á biblioteca. | Equipo de profesorado da biblioteca.                        | Curso 2008/2009.       |
| Crear un grupo de alumnado voluntario para colaborar na biblioteca.  | Equipo de profesorado da biblioteca.                        | Curso 2009/2010.       |

| <b>Para equilibrar o fondo</b>   |   |                              |
|--|---|------------------------------|
| <b>Tarefa</b>  | <b>Persoa encargada</b>                         | <b>Temporalización</b>       |
| Realizar o expurgo dos fondos.   | Equipo de profesorado da biblioteca.            | Curso 2008/2009.             |
| Poñer en funcionamento a comisión de adquisicións.                         | Equipo directivo.                               | Curso 2008/2009.             |
| Adquirir, dentro das posibilidades, os fondos seleccionados pola comisión. | Equipo de profesorado colaborador e secretario. | Curso 2008/2009 e sucesivos. |

|  |                   |                              |
|--|-------------------|------------------------------|
| Manter o orzamento anual para o funcionamento da biblioteca. | Equipo directivo. | Curso 2008/2009 e sucesivos. |
|--|-------------------|------------------------------|

| <b>Para a circulación e difusión dos fondos</b>              |   |  |
|--|---|--|
| <b>Tarefa</b>  | <b>Persoa encargada</b>                       | <b>Temporalización</b>                             |
| Definir as condicións do préstamo.                           | Equipo de profesores colaboradores.           | Setembro de 2008.                                  |
| Elaborar e difundir a guía da biblioteca                     | Coordinador da biblioteca.                    | Curso 2008/2009.                                   |
| Difundir o catálogo da biblioteca a través da web do Centro. | Coordinador da biblioteca.                    | Curso 2008/2009 e sucesivos.                       |
| Crear na web do centro unha sección para a biblioteca.       | Equipo de profesores e alumnos colaboradores. | Curso 2008/2009 e sucesivos.                       |
| Realizar e difundir estatísticas de préstamos da biblioteca. | Equipo de profesorado e alumnado colaborador. | Terceiro trimestre do curso 2008/2009 e sucesivos. |

|  |  |  |
|--|--|--|
| Elaborar guías de lectura e difundir obras elaboradas por distintas institucións.          | Equipo de profesorado da Biblioteca. Profesorado de todos os ciclos. | Curso 2008/2009 e sucesivos.                       |
| <b>Para ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da biblioteca escolar</b>               |  |  |
| <b>Tarefa</b>  | <b>Persoa encargada</b>  | <b>Temporalización</b>                             |
| Elaborar o Plan Lector Anual.  | Equipo de profesorado colaborador e equipo directivo.                | Primeiro trimestre de cada curso escolar.          |
| Realizar as modificación precisas no PEC e nos Proxectos Curriculares.                     | Equipo directivo.  | Setembro de 2008                                   |
| Informar ao profesorado sobre a organización dos fondos.                                   | Equipo de profesores colaboradores.                                  | Primeiro trimestre do curso 2008/2009.             |
| Informar aos pais e nais sobre os obxectivos do Proxecto Lector e o Plan de Lectura anual. | Equipo directivo e titores.  | Primeiro trimestre do curso 2008/2009.             |
| Aumentar paulatinamente o número de puntos informáticos na biblioteca.                     | Equipo directivo e Comisión TIC.                                     | Curso 2008/2009.                                   |
| Avaliar os servizos da biblioteca.   | Equipo de colaboradores  | Terceiro trimestre do curso 2008/2009 e sucesivos. |

#### 4.5. Plan de uso das bibliotecas de aula

Serán obxectivos das biblioteca de aula:

- Solicitar periódicamente coleccións de libros á biblioteca do centro que fagan referencia aos diversos temas que abordemos no transcurso do curso e ás áreas referenciais.
- Establecer un horario de utilización da biblioteca escolar para a lectura lúdica ou para a investigación.
- Distribuír o horario que se adica a cada materia para compatibilizalos coa práctica bibliográfica que nos permita seguir profundando na devandita materia.
- Participar nas propostas que nos cheguen, procedentes da biblioteca do centro, tanto no uso como no mantemento dos seus recursos.

- Implicar ás familias na elaboración de actividades de tipo intelectual ou lúdico. Como exemplo referencial, estipulamos as seguintes: confección de libros viaxeiros que se regalarían á biblioteca, preparación de contos , dramatizacións, visitas a outras bibliotecas, préstamos en horarios extraescolares,...
- Realizar pequenos proxectos de traballo que se irán ampliando paulatinamente en función da nosa motivación e intereses.
- Afianzar a nosa participación en solicitar préstamos de libros para ler en casa como alternativa do tempo de lecer.
- Participar nos programas de formación de usuarios propostos pola biblioteca.
- Buscar información para a realización de diversos traballos de investigación na Biblioteca Municipal.
- Utilizar os recursos de tipo informático para obter a información que se nos presente neste formato.
- Elaborar guías de lectura ou demandalas ao responsábel da biblioteca para aplicarlas á práctica docente.

#### 4.6. Metodoloxía

A metodoloxía a aplicar neste Proxecto Lector será práctica, participativa, interdisciplinar e incluírá a toda a Comunidade Escolar.

Posto que todos os seus membros serán os suxeitos axentes e pacientes, partírase da motivación e da xustificación.

Os alumnos serán os beneficiarios do Plan Lector para conseguir que se acheguen á lectura como vía de formación, información e lecer, adquirindo con ela un hábito lector que lles acompañe sempre e así acadar a máxima de “aprender a aprender”.

Teremos en conta as seguintes liñas de actuación:

- Partiremos do gusto por escoitar as narracións.
- Teremos en conta a expresión oral nos primeiros anos.
- Seguiremos coa adquisición mecánica do código lector.
- Establecerase a lectura e a escritura como medio de expresión e comunicación individual, sen esquecer as súas posibilidades sociais.
- Potenciarase o gusto por mellorar as propias producións, pola expresión de sentimentos e emocións e polo desexo de aprender a través da lectura.
- Ofertaranse aos nenos/as diferentes tipos de producións, alleas, escritas e presentadas en diversos formatos.

- Potenciaranse as relacións interpersoais de axuda entre compañeiros erradicando, na medida do posíbel, a competitividade.
- Estableceranse os mecanismos necesarios para fomentar o respecto entre todos, evitando as condutas de marxinação por razón de sexo, etnia, nacionalidade, relixión,...
- Potenciaranse as relacións entre o Centro e as familias.

#### **4.7. Implicacións da Comunidade Educativa**

A implicación do Claustro no desenvolvemento do Proxecto Lector é unánime.

É necesario animar aos pais e nais a colaborar no Proxecto, sendo fundamental a colaboración dos titores e titoras, neste aspecto.

As familias serán informadas nas reunións de comezo de curso sobre o contido do Proxecto Lector e do Plan Lector Anual. Recibirán circulares e poderán consultar as novidades na web do Centro. Así mesmo, facilitaremos a súa asistencia as exposicións nas que se amosen os traballos elaborados polos seus fillos e fillas.

Buscaremos a colaboración dos alumnos e alumnas máis motivados nas tarefas de catalogación, ordenación e difusión da información da biblioteca.

Contamos tamén co apoio do persoal non docente, que sempre está aberto a participar en todas as actividades do Centro aínda que esto supoña un incremento adicional de traballo.

#### **4.8. Canles de coordinación e colaboración con asociacións, entidades e bibliotecas**

A relación coa biblioteca pública de Cerceda é bastante escasa debido á distancia entre os núcleos poboacionais.

A ubicada na Silva acaba de ser reaberta e estamos a traballar co Concello no seu fomento para que sirva para completar a formación da nosa Comunidade Educativa como usuarios e usuarias habituais da mesma.

Participaremos en programas de colaboración con ONG para traballar os valores que defenden a igualdade de xénero.

Intentaremos, como fixemos en anos anteriores, organizar actividades conxuntas co noso centro de adscrición para conseguir un mellor aproveitamento dos recursos.

E, por suposto, aceptaremos calquera outra colaboración externa que nos permita acadar os obxectivos propostos.

## 5. NECESIDADES E COMPROMISOS DE FORMACIÓN

Contamos cun equipo de mestres con experiencia na animación á lectura e con formación bibliotecaria.

Esto non obsta para que o equipo se comprometa a participar nas ofertas específicas que xurdan no CEFORE.

No curso 2008/2009 proporase ampliar a formación do profesorado nos aspectos nos que haxa unha maior demanda, segundo a aplicación do Proxecto Lector e o Plan TIC á práctica docente.

Os colaboradores, pola súa parte, comprométense a asistir ás convocatorias que se realicen por parte da Consellería para o desenvolvemento do Proxecto Lector.

## 6. INCORPORACIÓN DO PROXECTO LECTOR

As actuacións que o centro levará a cabo en relación co PROXECTO LECTOR adquire o seu significado ao incorporalo de xeito coordinado e consensuado, á Programación Xeral, integrándose nos documentos institucionais e nas Programacións Didácticas das distintas áreas e materias, nas PAT e no proceso contínuo de ensinanza-aprendizaxe.

Neste eido o Proxecto convírtese nun elemento dinamizador do centro e do seu entorno, no que respecta ao desenvolvemento da competencia lectora e ao fomento do hábito lector.

No primeiro cadro especificanse os temas relacionados coa lectura que formarán parte do PEC, dos Proxectos Curriculares e das Programación de Aula. O segundo inclúe orientacións didácticas concretas que, no ámbito desta temática, levaranse a cabo no proceso de ensinanza-aprendizaxe.



| <b>CADRO Nº 1</b>                      |  |   |
|--|--|---|
| <b>ÁMBITO DE DECISIÓN</b>              | <b>TEMAS OU ASPECTOS SOBRE OS QUE SE DECIDE</b>  | <b>PARTICIPAN</b>   |
| <b>PROXECTO EDUCATIVO</b>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento da liña xeral que vai seguir o centro respecto ao tipo de lector que quere formar e de como interpreta a formación do hábito lector.</li> <li>- Definición de infraestructuras físicas e medios e recursos dispoñibles.</li> <li>- Organización dos tempos, espazos, medios e recursos en relación coa biblioteca do centro, de aula...</li> <li>- Concreción dos usos ordinarios e extraordinarios que vai ter a biblioteca do centro en relación coa lectura.</li> <li>- Establecemento de mecanismos de coordinación técnico-pedagóxica entre o profesorado.</li> <li>- Formación e motivación do profesorado para o fomento da lectura e para a súa participación activa ao respecto.</li> <li>- Integración do fomento da lectura en aspectos xerais do currículo do centro.</li> <li>- Integración na xestión do centro dos medios e recursos económicos necesarios para o fomento da lectura.</li> <li>- Fornecer as relacións que establece o centro coa familia, biblioteca pública, institucións e organizacións..., co fin de potenciar e dinamización da lectura e o hábito lector.</li> </ul> | <p>Claustro,<br/>Consello Escolar</p>                             |
| <b>PROXECTOS CURRICULARES DE CICLO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento do senso que se vai a dar á lectura e de que xeito vaise a contribuír á dinamización da mesma e á formación de lectores e do hábito lector en cada área.</li> <li>- Priorización dos obxectivos referidos ao tratamento da lectura no centro desde todas as etapas educativas e desde todas as áreas e materias.</li> <li>- Concreción das fontes de documentación, medios, recursos, etc, de que se dispón ou convén dispor en cada área para o fomento da lectura.</li> <li>- Organización dos medios, recursos, tempo, espazos... para contribuír eficazmente ao fomento da lectura.</li> <li>- Decisións sobre as relacións que cada unha das áreas e materias establece coa biblioteca, coa familia e con outras institucións e organizacións para contribuír a formar lectores e a potenciar a lectura.</li> <li>- Inclusión de medidas de atención á diversidade relacionadas coa lectura.</li> </ul>   | <p>Equipos de Ciclo,<br/>Comisión de Coordinación Pedagóxica.</p> |

| ÁMBITO DE DECISIÓN  | TEMAS OU ASPECTOS SOBRE OS QUE SE DECIDE  | PARTICIPAN  |
|---|---|---|
| <p align="center"><b>PROGRAMACIÓN<br/>DE<br/>AULA</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecer o tipo de enfoque, a metodoloxía a empregar e o tipo de actividades a levar a cabo para formar lectores competentes e desenrolar o hábito lector.</li> <li>- Determinar nas programacións didácticas de cada un dos cursos, áreas e materias, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación relacionados co tratamento da lectura, co fin de que exista unidade e continuidade de criterios ao longo de todas as etapas educativas.</li> <li>- Concreción de medios, materiais e recursos que se van a utilizar.</li> <li>- Tipo de organización que se vai facer dos medios e recursos, do tempo, do espazo, das actividades...en relación coa lectura.</li> <li>- Tipo de intervención que vai ter o profesor e tipo de axuda que vai prestar.</li> <li>- Definición das actividades de animación á lectura a levar a cabo.</li> <li>- Elaboración de criterios para a selección de diferentes medios e soportes de lectura, e para a recomendación de libros.</li> <li>- Uso concreto que se vai facer da biblioteca de aula.</li> </ul> | <p align="center">Comisión de Coordinación Pedagóxica.</p>  |
|   |   | <p align="center">Mestre ou mestra da área e/ou materia</p> |

| <b>CADRO Nº 2</b>                               |  |                              |
|---|--|------------------------------|
| <b>ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS</b>                  |  | <b>PARTICIPAN</b>            |
| <b>PROCESO DE<br/>ENSINANZA<br/>APRENDIZAXE</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Plantexamento da lectura, desde os seus primeiros momentos, como unha actividade de comunicación, con significado e sentido.</li> <li>- Relación da lectura con vivencias, experiencias e situacións reais da vida do alumnado, especialmente con aquelas que son agradables ou que fan ver á lectura como un medio para solucionar determinados problemas.</li> <li>- Establecemento dunha estreita relación entre lectura e escritura en situacións de comunicación reais que teñan que ver coa vida das persoas. Presentación de situacións comunicativas de escritura que leven aparelladas sempre a necesidade de ler.</li> <li>- Dedicación dun tempo específico á lectura na práctica docente de todas as áreas e materias, co fin de promover a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector.</li> <li>- Falar e escribir do que se le: comunicar a outros o que se está a ler, as impresións e valoracións e contrastalas.</li> <li>- Orientacións ás familias para o desenvolvemento do hábito lector no ámbito familiar.</li> <li>- Deseño de estratexias, actividades e materiais para o fomento da lectura.</li> <li>- Distinción entre lecturas obrigatorias, lecturas guiadas, lecturas suxeridas e lecturas libres.</li> <li>- Facilitar ao alumnado o acceso a unha diversidade de xéneros discursivos, tipos de texto, materiais, documentos, soportes... con diferentes graos de adecuación, complexidade, e liberdade para elixir, tendo en conta as orientacións do profesorado.</li> <li>- Ambiente propicio. Tanto na escola como na casa é preciso que o alumno viva nun ambiente lector no que os seus profesores e familiares lean, se interesen polo que leen, falen dilo, lle propoñan lecturas, o leven ás librarías, bibliotecas e actos relacionados cos libros.</li> <li>- Compartir lecturas entre o alumnado.</li> <li>- Respecto á hora de comunicar ou non as impresións sobre a lectura: xa que é un acto íntimo e individual. O alumno debe ter dereito a elixir se quere falar das súas vivencias en relación coa lectura, a quen llo quere contar e cando desexa facelo.</li> </ul> | Todo o profesorado do centro |

|  | <b>ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS</b>   | <b>PARTICIPAN</b>                   |
|--|--|-------------------------------------|
| <p><b>PROCESO DE<br/>ENSINANZA<br/>APRENDIZAXE</b></p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto ao ritmo individual da lectura.</li> <li>- Calidade dos textos e documentos, e coidado dos mesmos.</li> <li>- Deseño e posta en marcha de actuacións que favorezan a mellora da competencia lectora e o fomento do hábito lector no alumnado: rincóns de lectura, talleres, proxectos..., en todas as etapas educativas.</li> <li>- Integración da lectura na actividade diaria de clase para as función básicas, tanto de instrumento de información e aprendizaxe como de placer, adicándolle un tempo significativo.</li> <li>- Potenciación, a través da lectura, do desenvolvemento da capacidade crítica e da adquisición das estratexias intelectuais para saber seleccionar, decidir, interpretar, cuestionar e reelaborar a información.</li> <li>- Fomento de situacións agradábel de lectura dentro e fóra da aula: con motivo de visitas didácticas, de distintas efemérides e como medio de relacionarnos con outras persoas ou institucións...</li> <li>- Organización de determinadas xornadas, actividades, etc. en relación coa lectura (visitas de autores/as e ilustradores/as, semanas culturais, realización de determinados traballos, concursos, contacontos...</li> <li>- Lectura por parte do profesor/a diante do alumnado.</li> <li>- Lectura dos pais/nais diante dos seus fillos.</li> <li>- Organización dun rincón especial na aula e no domicilio familiar para ler. Orientacións ás familias.</li> <li>- Realización dunha selección adecuada e de calidade dos libros e documentos.</li> <li>- Elaboración de listados de libros favoritos.</li> <li>- Determinación de criterios, técnicas, instrumentos e estratexias para avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe da lectura no Centro.</li> <li>- Determinación de criterios, técnicas, instrumentos e estratexias para avaliar os progresos do alumnado relacionados coa adquisición da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector.</li> </ul> | <p>Todo o profesorado do centro</p> |

## **7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **7.1. Avaliación da competencia comunicativa do alumnado**

A incidencia do Proxecto Lector na mellora das competencias comunicativas do alumnado avaliarase en cada unha das materias con arreglo as competencias comúns consensuadas polo Claustro. Esta avaliación será realizada por cada profesor na súa área ou materia realizándose a posta en común a través dos coordinadores de ciclo nas xuntanzas da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A avaliación anual permitirá constatar a evolución do alumnado e permitiranos saber se avanza na dirección correcta así como analizar que cambios e adaptacións son necesarios no Proxecto Lector, no Plan de Lectura Anual, no Proxecto Educativo e nos Proxectos Curriculares.

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica realizaranse propostas ao Claustro con referencia aos reaxustes necesarios para continuar avanzando na consecución dos obxectivos propostos no Proxecto.

### **7.2. Avaliación do uso de estratexias de información e comunicación**

Ao estaren integradas nos Proxectos Curriculares corresponde en primeira instancia, ao profesorado de cada unha das áreas, avaliar os avances do alumnado.

Nunha segunda instancia, este aspecto recibirá unha especial atención por parte do responsábel das TIC pola necesidade que conleva o manexo das tecnoloxías da información e a comunicación.

### **7.3. Avaliación das actividades de dinamización cultural**

A avaliación das actividades de dinamización cultural corresponderá ao profesorado implicado, ao equipo de profesores e profesoras colaboradores da biblioteca, así como ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Esta avaliación basearase no grao de participación do alumnado, na observación do seu comportamento durante o desenvolvemento das actividades e na realización de enquisas para que o alumnado poida valorar as propostas que se lle ofreceron e suxerir outras que sexan do seu interese.

### **7.4. Avaliación do plan de uso da Biblioteca**

Corresponderalle ao equipo colaborador baixo a dirección do coordinador do plan.

Basearase na realización de enquisas que contemplan, entre outros, os seguintes aspectos:

- O grao de aceptación das propostas dos docentes e as familias.
- A análise das estatísticas de préstamos.
- A cantidade e calidade das producións realizadas polo alumnado a proposta da biblioteca
- O grao de utilización de todos os recursos dispoñibles por parte dos usuarios potenciais.

Realizarase unha avaliación trimestral e unha memoria anual que sirva para adecuar o plan de uso da biblioteca ás situacións cambiantes e para correxir os erros que se detecten.

### 7.5. Avaliación do Proxecto Lector

A avaliación do Proxecto Lector realizarase mediante a revisión periódica do Plan Lector Anual.

Para sistematizar o proceso de avaliación das actuacións que se desenvolveren no noso centro, realizaremos:

- Un **proceso de seguimento** das actuacións previstas do Plan Anual de Lectura que estará envolto nunha dinámica de autoavaliación na que se analizarán, entre outros, os seguintes aspectos:
  - ✓ A metodoloxía empregada.
  - ✓ As actitudes e motivacións do profesorado, das familias e do alumnado.
  - ✓ A idoneidade das propostas desenvolvidas, das actuacións formativas realizadas e dos materiais e recursos empregados.
  - ✓ A temporalización das diferentes actuacións.
- Unha **avaliación final** do Plan Anual de Lectura que sintetice, entre outros, os seguintes aspectos:
  - ✓ O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da súa competencia lectora, tendo en conta as medidas levadas a cabo e a súa incidencia nos resultados académicos.
  - ✓ O grao de consecución dos obxectivos propostos.
  - ✓ O grao de desenvolvemento das actuacións previstas e a coherencia e relación entre estas e os eixes de actuación propostos no Proxecto.

- ✓ O grao de interrelación entre as actuacións relativas á mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no Centro e, aqueloutras, derivadas da posta en marcha doutros plans e programas.
- ✓ O aproveitamento dos recursos do Centro.
- ✓ O grao de implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.
- ✓ As estratexias metodolóxicas aplicadas.
- ✓ O desenvolvemento das medidas de coordinación.
- ✓ O clima lector do Centro.
- ✓ As actividades de formación realizadas e a valoración das mesmas.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, de existiren, incluíranse na Memoria Anual do Centro. Ditas conclusións servirán de referencia para a revisión das actuacións cara ao inicio do seguinte curso, e incorporaranse na súa Programación Xeral Anual.

En A Silva, a 05 de setembro de 2008

O COORDINADOR

Joaquín Casal Quintáns